

## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

### Data e hora de celebración

Xoves, 10 de agosto do 2023, ás 10:30 horas.

### Lugar de celebración

Sala de Xuntas da Casa do Concello de Oleiros.

### Asistentes

- **Presidenta:** D<sup>a</sup> Sandra Fernández Fernández, Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación.
- **Vocais:**
  - o D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar Cela Álvarez, Secretaria Accidental do Concello
  - o D. Vicente José Calvo del Castillo, Interventor do Concello.
- **Secretario da Mesa:** D. Iago A. López Álvarez, auxiliar administrativo da Área de Contratación
- **Técnicos asistentes:**
  - o D<sup>a</sup> Silvia Legaspi Grueiro, coordinadora de servizos urbanísticos, para a licitación nº 2023/CONTRAT/000104

Habendo quórum, procédese a tratar os seguintes asuntos que figuran na Orde do Día:

### Orde do Día

#### **1.- 2023/CONTRAT/000093: "PAVIMENTACIÓN DAS RÚAS DA URBANIZACIÓN O PINAR (POS+ 2023)"**

Acto non público de:





- Apertura dos sobres “A” (Documentación administrativa)
- Apertura, se procede, dos sobres “B” (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa)

**2.- 2023/CONTRAT/000098: SUBMINISTRO DE MATERIAL LUMÍNICO E DE IMAXE PARA O AUDITORIO GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ (FONDOS NEXT GENERATION EU)**

Acto <sup>(1)</sup> de:

- Apertura dos sobres únicos (documentación administrativa e proposición)
- Valoración, se procede, dos criterios de adxudicación.
- Proposta de adxudicación, se procede.

<sup>(1)</sup> A apertura da documentación administrativa levarase a cabo en acto non público e a apertura da proposición en acto público.

**3.- 2023/CONTRAT/000104: EXECUCIÓN DOS MURAIIS DO EXPRESA OLEIROS URBAN FEST 2023 (NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE)**

Acto non público de:

- Apertura dos sobres “1” (Documentación administrativa)
- Apertura, se procede, dos sobres “2” (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa)
- Valoración, se procede, dos sobres nº 2.
- Apertura, se procede, dos sobres nº 3.
- Valoración, se procede, dos sobres nº 3.
- Proposta de adxudicación, se procede.



**1.- 2023/CONTRAT/000093: “PAVIMENTACIÓN DAS RÚAS DA URBANIZACIÓN O PINAR (POS+ 2023)”**

Mediante Decreto da Alcaldía nº 2023003662, de 14 de xullo, aprobouse o expediente para a contratación, por medio de procedemento aberto, da obra denominada “PAVIMENTACIÓN DAS RÚAS DA URBANIZACIÓN O PINAR (POS+ 2023)”, polo importe de 249.010,25 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (52.292,15 €), o que supón un importe de 301.302,40 € IVE engadido. O prazo de execución do referido contrato é de TRES (3) meses, sen posibilidade de prórroga agás causas imprevistas, tal e como se establece nos pregos de cláusulas técnicas do contrato. O valor estimado ascende a 273.911,28 €..

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 14 de xullo do 2023.

Rematado o día 9 de agosto do 2023 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

| NOME DA EMPRESA              | Nº IDENTIFICACIÓN | Data e hora de presentación de oferta |
|------------------------------|-------------------|---------------------------------------|
| CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO S.L | R15072712         | 09.08.2023 16:50                      |
| EXPLOTACIONES GALLEGAS S.L   | R15410608         | 09.08.2023 22:30                      |
| HORDESCON S.L                | R32108334         | 09.08.2023 12:42                      |

De seguido, procédese, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico “A” presentado polos licitadores denominado “Documentación administrativa”.

Con respecto á documentación administrativa, a Mesa realiza as seguintes comprobacións:

| Contido  |                                 | Documento no que figura | CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L. | EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L. | HORDESCON, S.L. |
|--|---------------------------------|-------------------------|--------------------------------|------------------------------|-----------------|
| Autorizacións e declaracións                   | Adscrición medios               | Anexo 7                 | Cumpre                         | Cumpre                       | Cumpre          |
|  | Compromiso condición especial   | Anexo 7                 | Cumpre                         | Cumpre                       | Cumpre          |
|  | Declaración criterios desempate | Anexo 7                 | Cumpre                         | Cumpre                       | Cumpre          |
| Compromiso de constitución de UTE, se é o caso |                                 | DEUC                    | Cumpre                         | Cumpre                       | Cumpre          |
| Datos de subcontratación, se é o caso.         |                                 | DEUC                    | Cumpre                         | Cumpre                       | Cumpre          |
| Capacidade de obrar                            |                                 | DEUC                    | Cumpre                         | Cumpre                       | Cumpre          |
| Cumprimento coas obrigas tributarias           |                                 | DEUC                    | Cumpre                         | Cumpre                       | Cumpre          |





|   |      |        |        |        |
|---|------|--------|--------|--------|
| Cumprimento coas obrigas da Seguridade Social   | DEUC | Cumpre | Cumpre | Cumpre |
| Non estar incurso en incompatibilidades   | DEUC | Cumpre | Cumpre | Cumpre |
| Non prohibición de contratar  | DEUC | Cumpre | Cumpre | Cumpre |
| Declaración de sometemento á lexislación española   | DEUC | Cumpre | Cumpre | Cumpre |
| Non haber sido adxudicatario dos contratos anteriores de dirección e/ou supervisión da obra | DEUC | Cumpre | Cumpre | Cumpre |
| Solvencia técnica   | DEUC | Cumpre | Cumpre | Cumpre |
| Solvencia económica   | DEUC | Cumpre | Cumpre | Cumpre |

A continuación, a Mesa procede á apertura do arquivo ou sobre electrónico “B”, o cal contén a documentación cuxa avaliación depende dos xuízos de valor relacionados no Anexo IV do PCAP.

Así, resulta que as empresas licitadoras presentan a documentación que consideran oportuna para que lle sexa valorada de conformidade cos criterios de adxudicación reflectidos no citado Anexo IV PCAP; isto é: programa de traballo, programa de actuación ambiental e esquema do plan de seguridade e saúde.

E a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, acorda:

**PRIMEIRO.-** Admitir a tódalas empresas presentadas á licitación.

**SEGUNDO.-** Remitir os arquivos ou sobres electrónicos “B” a informe dos servizos técnicos para que sexan avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo IV –fase I- do PCAP.



**2.- 2023/CONTRAT/000098: SUBMINISTRO DE MATERIAL LUMÍNICO E DE IMAXE PARA O AUDITORIO GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ (FONDOS NEXT GENERATION EU)**

Por Resolución da 1ª Tenente de Alcalde nº 2023003826, de 24 de xullo, aprobouse o procedemento aberto simplificado sumario para a contratación do “SUMINISTRO DE MATERIAL LUMÍNICO E DE IMAXE PARA O AUDITORIO GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ”, polo importe de 38.857,46 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (8.160,07 €), o que supón un importe de 47.017,53 € IVE engadido, que se desagrega nos seguintes lotes:

|                                       | Orzamento sen IVE | IVE (21 %) | Total       |
|---------------------------------------|-------------------|------------|-------------|
| <b>LOTE 1</b> Proxector dixital láser | 20.968,78 €       | 4.403,44 € | 25.372,22 € |
| <b>LOTE 2</b> 28 focos LED            | 17.888,68 €       | 3.756,62 € | 21.645,30 € |
| <b>TOTAL</b>                          | 38.857,46 €       | 8.160,07 € | 47.017,53 € |

O prazo de execución do referido contrato, para cada lote, é de dúas semanas, sen posibilidade de prórroga, tal e como se establece nos pregos de cláusulas técnicas do contrato. O valor estimado ascende a LOTE 1. 20.968,78 €; LOTE 2. 17.888,68 €; TOTAL 38.857,46 €.

Esta subministración será financiada a través dunha subvención da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) para a modernización e xestión sustentable das infraestruturas das artes escénicas e musicais, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 24 de xullo do 2023.

Rematado o día 8 de agosto do 2023 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

| Nome da Empresa                       | Nº Identificación | Data e hora de presentación da oferta | Lote ao que se presenta |
|---------------------------------------|-------------------|---------------------------------------|-------------------------|
| CEGA Audiovisuales S.L.               | B15843394         | 04/08/2023 17:00                      | 1 e 2                   |
| CITYLIGHT, S.L.                       | B82789389         | 07/08/2023 14:26                      | 2                       |
| GALLALUX INNOVACIONES SL              | B70536206         | 08/08/2023 19:09                      | 1 e 2                   |
| GENUIX AUDIO S.L.                     | B92991496         | 07/08/2023 19:13                      | 1 e 2                   |
| GM PROVIDEO S.L.                      | B15461023         | 08/08/2023 11:09                      | 1 e 2                   |
| PETSPA PROYECTOS AUDIOVISUALES SLU    | B85948909         | 27/07/2023 19:24                      | 2                       |
| SPAI TEATRO Y TELEVISION SL           | B81167447         | 07/08/2023 11:38                      | 2                       |
| TECESA ACÚSTICA VISUAL S.L.           | B74427048         | 07/08/2023 9:19                       | 1 e 2                   |
| TRANSFORMACIÓN DIGITAL DE ESPACIOS SL | B88122643         | 04/08/2023 11:08                      | 1                       |



De seguido, a Mesa procede á apertura do arquivo ou sobre electrónico Único presentado polas empresas licitadoras denominado “Documentación administrativa e proposición”.

Deste xeito, con respecto á documentación administrativa, en acto non público, a Mesa realiza as seguintes comprobacións:

| Contido   |  | Docu-<br>mento<br>no que<br>figura | CEGA<br>Audiovis-<br>uales<br>S.L. | CITYLIG<br>HT, S.L. | GALLA<br>LUX<br>INNOVA-<br>CION S.L. | GENUI<br>X<br>AUDIO<br>S.L. | GM<br>PROVI-<br>DEO<br>S.L. | PETSPA<br>PROYEC-<br>TOS<br>AUDIOVI-<br>SUALES<br>SLU | SPAI<br>TEATR<br>O Y<br>TELEVI-<br>SION<br>SL | TECE<br>SA<br>ACÚS-<br>TICA<br>VISUA<br>L S.L. | TRANS-<br>FORM-<br>ACIÓN<br>DIGITA<br>L DE<br>ESPAC-<br>IOS SL |
|---|--|------------------------------------|------------------------------------|---------------------|--------------------------------------|-----------------------------|-----------------------------|---|---|--|--|
| Autoriza-<br>cións e<br>declaracións              | Datos do licitador a efectos de notificación electrónica | Anexo IV                           | Cumpre                             | Cumpre              | Cumpre                               | Cumpre                      | Cumpre                      | Cumpre  | Cumpre  | Cumpre   | Cumpre   |
|   | Autorizacións para a consulta de datos                   | Anexo IV                           | Cumpre                             | Cumpre              | Cumpre                               | Cumpre                      | Cumpre                      | Cumpre  | Cumpre  | Cumpre   | Cumpre   |
|   | Pertenza ou non a grupo de empresas                      | Anexo IV                           | Cumpre                             | Cumpre              | Cumpre                               | Cumpre                      | Cumpre                      | Cumpre  | Cumpre  | Cumpre   | Cumpre   |
|   | Compromiso de constitución de UTE                        | Anexo IV                           | Cumpre                             | Cumpre              | Cumpre                               | Cumpre                      | Cumpre                      | Cumpre  | Cumpre  | Cumpre   | Cumpre   |
|   | Datos de subcontratación                                 | Anexo IV                           | Cumpre                             | Cumpre              | Cumpre                               | Cumpre                      | Cumpre                      | Cumpre  | Cumpre  | Cumpre   | Cumpre   |
| Capacidade de obrar                               | DEUC   | Cumpre                             | Cumpre                             | Cumpre              | Cumpre                               | Cumpre                      | Cumpre                      | Cumpre  | Cumpre  | Cumpre   | Cumpre   |
| Cumprimento coas obrigas tributarias              | DEUC   | Cumpre                             | Cumpre                             | Cumpre              | Cumpre                               | Cumpre                      | Cumpre                      | Cumpre  | Cumpre  | Cumpre   | Cumpre   |
| Cumprimento coas obrigas da Seguridade Social     | DEUC   | Cumpre                             | Cumpre                             | Cumpre              | Cumpre                               | Cumpre                      | Cumpre                      | Cumpre  | Cumpre  | Cumpre   | Cumpre   |
| Non estar incurso en incompatibilidades           | DEUC   | Cumpre                             | Cumpre                             | Cumpre              | Cumpre                               | Cumpre                      | Cumpre                      | Cumpre  | Cumpre  | Cumpre   | Cumpre   |
| Non prohibición de contratar                      | DEUC   | Cumpre                             | Cumpre                             | Cumpre              | Cumpre                               | Cumpre                      | Cumpre                      | Cumpre  | Cumpre  | Cumpre   | Cumpre   |
| Declaración de sometemento á lexislación española | DEUC   | Cumpre                             | Cumpre                             | Cumpre              | Cumpre                               | Cumpre                      | Cumpre                      | Cumpre  | Cumpre  | Cumpre   | Cumpre   |
| Estar prerrexistrado no ROLECE                    | DEUC   | Cumpre                             | Cumpre                             | <b>Non Cumpre</b>   | Cumpre                               | Cumpre                      | Cumpre                      | Cumpre  | Cumpre  | Cumpre   | Cumpre   |
| Non haber sido                                    | DEUC   | Cumpre                             | Cumpre                             | Cumpre              | Cumpre                               | Cumpre                      | Cumpre                      | Cumpre  | Cumpre  | Cumpre   | Cumpre   |





|  |  |  |  |  |   |   |  |  |   |  |
|--|--|--|--|--|---|---|--|--|---|--|
| adxudicatario dos contratos anteriores de dirección e/ou supervisión da obra |  |  |  |  | e | e |  |  | e |  |
|--|--|--|--|--|---|---|--|--|---|--|

A Mesa comproba que a licitadora GALLALUX INNOVACIONES S.L., presentada ao Lote 1 e Lote 2 desta licitación, non figura inscrita no ROLECE ou no Rexistro de Contratistas da Xunta, nin presenta documento xustificativo de ter solicitada a inscrición con data previa ao remate do prazo de presentación de ofertas.

O art. 159.4.a) da LCSP establece para os procedementos abertos simplificados, como é o caso, a obriga de que os licitadores que se presenten deberán estar inscritos no ROLECE ou no Rexistro Oficial de Contratistas da correspondente Comunidade Autónoma na data final de presentación de ofertas.

En consecuencia; a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** EXCLUIR do Lote 1 e Lote 2 desta licitación a “GALLALUX INNOVACIONES S.L.” (B70536206) por non figurar inscrita no ROLECE ou no Rexistro Oficial de Contratistas da correspondente Comunidade Autónoma na data final de presentación de ofertas, e por tratarse este dun erro non subsanable de conformidade coa lexislación vixente.

A Mesa considerou correcta a documentación presentada polas restantes empresas presentadas, admitíndoas, polo que, por unanimidade, acorda:

**PRIMEIRO.-** Admitir o resto de empresas presentadas a esta licitación.

Así, a continuación, a Mesa procede, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, á apertura da oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas. Esta documentación é remitida aos servizos económicos da Mesa para a súa avaliación.

**LOTE 1: PROXECTOR DIXITAL LÁSER DE ALTA RESOLUCIÓN WUXGA DE ENTRE 10.000 E 16.000 LÚMENS E TECNOLOXÍA 4K**

Os servizos económicos da Mesa de Contratación, comprobando que a oferta presentada por TRANSFORMACIÓN DIGITAL DE ESPACIOS S.L. estaría en situación de oferta anormalmente baixa.

O resumo das puntuacións achégase no seguinte cadro:

| CRITERIO | CEGA Audiovisuales S.L. | GENUIX AUDIO S.L. | GM PROVIDEO S.L. | TECESA ACÚSTICA VISUAL S.L. | TRANSFORMACIÓN DIGITAL DE ESPACIOS SL |
|----------|-------------------------|-------------------|------------------|-----------------------------|---------------------------------------|
|----------|-------------------------|-------------------|------------------|-----------------------------|---------------------------------------|





|                         |                        |                 |                 |                 |                |             |
|-------------------------|------------------------|-----------------|-----------------|-----------------|----------------|-------------|
| <b>Oferta económica</b> | <b>Importe sen IVE</b> | 18.050,0<br>0 € | 19.684,8<br>0 € | 17.752,7<br>8 € | 19.990,00<br>€ | 14.165,90 € |
|                         | <b>Puntos</b>          |                 |                 |                 |                |             |

E a Mesa de Contratación, á vista da oferta anormalmente baixa presentada por TRANSFORMACIÓN DIGITAL DE ESPACIOS SL, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Que se lle conceda a licitadora TRANSFORMACIÓN DIGITAL DE ESPACIOS SL (B88122643) un prazo de cinco días hábiles para que xustifique a oferta presentada nos termos previstos no art. 149.4 da LCSP.

**LOTE 2: 28 FOCOS LED DE GRAN POTENCIA LUMÍNICA E AMPLO ÁNGULO DE DISPERSIÓN, AXUSTE VARIABLE E CONTROL MEDIANTE DMX**

Os servizos económicos da Mesa de Contratación, comprobando que a oferta presentada por CEGA AUDIOVISUALES S.L. estaría en situación de oferta anormalmente baixa.

O resumo das puntuacións achégase no seguinte cadro:

| CRITERIO                |                        | CEGA Audiovisuales S.L. | CITYLIGHT, S.L. | GENUIX AUDIO S.L. | GM PROVIDE O S.L. | PETSPA PROYECTOS AUDIOVISUALES SLU | SPAI TEATRO Y TELEVISION SL | TECESA ACÚSTICA VISUAL S.L. |
|-------------------------|------------------------|-------------------------|-----------------|-------------------|-------------------|------------------------------------|-----------------------------|-----------------------------|
| <b>Oferta económica</b> | <b>Importe sen IVE</b> | 14.958,0<br>0 €         | 16.690,0<br>0 € | 15.725,7<br>0 €   | 16.188,0<br>0 €   | 15.455,0<br>0 €                    | 16.230,0<br>0 €             | 16.990,0<br>0 €             |
|                         | <b>Puntos</b>          |                         |                 |                   |                   |                                    |                             |                             |

E a Mesa de Contratación, á vista da oferta anormalmente baixa presentada por CEGA AUDIOVISUALES S.L., por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Que se lle conceda a licitadora CEGA AUDIOVISUALES S.L. (B15843394) un prazo de cinco días hábiles para que xustifique a oferta presentada nos termos previstos no art. 149.4 da LCSP.







**3.- 2023/CONTRAT/000104: EXECUCIÓN DOS MURAIIS DO EXPRESA OLEIROS URBAN FEST 2023 (NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE)**

Por Resolución da 1ª Tenente de Alcalde nº 2023003913, de 28 de xullo, aprobouse o contrato privado de servizos denominado “EXECUCIÓN DOS MURAIIS DO EXPRESA OLEIROS URBAN FEST 2023 (negociado sen publicidade)”, polo importe de 31.010,00 €, ao que se lle suma un 10% de IVE (3.101,00 €), o que supón un importe de 34.111,00 € engadido; que se desagrega nos seguintes lotes:

|   | Orzamento<br>IVE   | sen<br>IVE (10%)  | Total              |
|---|--------------------|-------------------|--------------------|
| <b>LOTE 1: mural no depósito de Montrove (Liáns)</b>          | 9.660,00 €         | 966,00 €          | 10.626,00 €        |
| <b>LOTE 2: mural na praia de Bastiagueiro (Perillo-Liáns)</b> | 14.600,00 €        | 1.460,00 €        | 16.060,00 €        |
| <b>LOTE 3: mural no edificio da radio municipal (Oleiros)</b> | 6.750,00 €         | 675,00 €          | 7.425,00 €         |
| <b>TOTAIS</b>   | <b>31.010,00 €</b> | <b>3.101,00 €</b> | <b>34.111,00 €</b> |

O prazo de execución do referido contrato é o seguinte:

- LOTE 1: 15 días hábiles para o pintado, iniciándose entre o 25 de agosto e o 4 de setembro de 2023.
- LOTE 2: 30 días hábiles para o pintado, iniciándose entre o 4 e o 7 de setembro de 2023.
- LOTE 3: 10 días hábiles para o pintado, iniciándose entre o 4 e o 7 de setembro de 2023.

Os traballos de limpeza e adecuación da superficie haberán de realizarse con carácter previo a esas datas e tras a formalización do contrato.

O valor estimado ascende a 37.212,00 €.

Para os efectos de presentación de ofertas, con data de 31/07/2023 enviáronse invitación ás seguintes persoas para que poidan presentar oferta no prazo de 8 días naturais, computados a partir do día seguinte ao envío da invitación:

| LOTE | EMPRESA  | NIF       | CONTACTO   |
|------|--|-----------|--|
| 1    | CESTOLA NA CACHOLA, S. COOP. GAL. (XOANA ALMAR) E ANA LANGEHELDT | F94085768 | <a href="mailto:ola@cestola.org">ola@cestola.org</a><br><a href="mailto:ana.langeheldt@gmail.com">ana.langeheldt@gmail.com</a> |
| 2    | MIGUEL GOLMAYO   | 47351453L | <a href="mailto:magiperillo@gmail.com">magiperillo@gmail.com</a>   |
| 3    | YOSEBA MURUZÁBAL   | 47354244G | <a href="mailto:yoseba_mp@hotmail.com">yoseba_mp@hotmail.com</a>   |



Rematado o día 8 de agosto do 2023 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

| Nome da Empresa  | Nº Identificación | Data e hora de presentación da oferta    | Lote |
|--|-------------------|--|------|
| CESTOLA NA CACHOLA, S. COOP. GAL. (XOANA ALMAR) E ANA LANGEHELDT | F94085768         | 09/08/2023 11:35<br>Nº RE 2023015168 (*) | 1    |
| MIGUEL GOLMAYO   | 47351453L         | 04/08/2023 11:35<br>Nº RE 2023014878     | 2    |
| YOSEBA MURUZÁBAL   | 47354244G         | 08/08/2023 13:08<br>Nº RE 2023015097     | 3    |

(\*) A empresa presentou escrito con data de 08/08/2023 e nº RE 2023015105 avisando da presentación da súa oferta por correo postal.

De seguido, procédese, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polos licitadores denominado “Documentación administrativa”. Con respecto á documentación administrativa, a Mesa realiza as seguintes comprobacións:

| Contido   |  | Documento no que figura | CESTOLA NA CACHOLA | MIGUEL GOLMAYO | YOSEBA MURUZÁBAL |
|---|--|-------------------------|--------------------|----------------|------------------|
| Autorizacións e declaracións                      | Datos do licitador a efectos de notificación electrónica | Anexo IV                | Cumpre             | Cumpre         | Cumpre           |
|   | Autorizacións para a consulta de datos                   | Anexo IV                | Cumpre             | Cumpre         | Cumpre           |
|   | Pertenza ou non a grupo de empresas                      | Anexo IV                | Cumpre             | Cumpre         | Cumpre           |
|   | Compromiso de constitución de UTE                        | Anexo IV                | Cumpre             | Cumpre         | Cumpre           |
|   | Datos de subcontratación                                 | Anexo IV                | Cumpre             | Cumpre         | Cumpre           |
| Capacidade de obrar                               |  | Anexo IV                | Cumpre             | Cumpre         | Cumpre           |
| Cumprimento coas obrigas tributarias              |  | Anexo IV                | Cumpre             | Cumpre         | Cumpre           |
| Cumprimento coas obrigas da Seguridade Social     |  | Anexo IV                | Cumpre             | Cumpre         | Cumpre           |
| Non estar incurso en incompatibilidades           |  | Anexo IV                | Cumpre             | Cumpre         | Cumpre           |
| Non prohibición de contratar                      |  | Anexo IV                | Cumpre             | Cumpre         | Cumpre           |
| Declaración de sometemento á lexislación española |  | Anexo IV                | Cumpre             | Cumpre         | Cumpre           |
| Solvencia técnica                                 |  | Anexo IV                | Cumpre             | Cumpre         | Cumpre           |
| Solvencia económica                               |  | Anexo IV                | Cumpre             | Cumpre         | Cumpre           |





Así, a Mesa de Contratación comproba que todas as empresas presentan correctamente a documentación, polo que, por unanimidade, acorda:

**PRIMEIRO.-** Admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.

A continuación, a Mesa procede á apertura dos sobres núm. 2, que conteñen a documentación cuxa avaliación depende dos xuízos de valor relacionados no Anexo XIII PCAP.

Así, resulta que as tres empresas presentan a documentación que consideran oportuna para que lles sexa valorada de conformidade cos criterios de adxudicación reflectidos no anexo XIII do prego de cláusulas administrativas particulares: calidade do deseño ofertado.

De cara a garantir os principios de celeridade e eficiencia no procedemento, e dado que só hai unha oferta para cada lote, a Mesa acorda que se proceda, neste mesmo acto, a analizar e emitir informe sobre as ofertas presentadas. Así, suspéndese o acto durante 30 minutos para que a coordinadora de servizos urbanísticos poida emitir informe sobre as mesmas.

Así, unha vez emitido, a Mesa procede, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, a tomar coñecemento do informe técnico emitido ao respecto dos sobres nº 2 e á posterior apertura, se é o caso, da documentación contida nos sobres nº 3.

Do informe emitido, que se publicará na PLACSP xunto coa Acta desta Mesa, extráense as seguintes puntuacións das empresas admitidas para os criterios subxectivos a valorar consonte ao PCAP:

| LOTE | EMPRESA                           | CIF       | PUNTUACIÓN OUTORGADA |
|------|-----------------------------------|-----------|----------------------|
| 1    | Cestola na cachola, S. Coop. Gal. | F94085768 | 32,00/40,00          |
| 2    | Miguel Golmayo                    | 47351453L | 38,00/40,00          |
| 3    | Yoseba Muruzábal                  | 47354244G | 35,00/40,00          |

Tras a análise e valoración realizadas, a Mesa, por unanimidade dos asistentes, acorda proceder á apertura e valoración dos criterios obxectivos e de negociación presentados.

### **LOTE 1: MURAL NO DEPÓSITO DE MONTROVE (LIÁNS)**

Así, a Mesa procede a Mesa á apertura do sobre nº 3 (“Oferta relativa a criterios obxectivos e criterios de negociación”) da empresa admitida a esta licitación, do que se extrae a seguinte información:

| CRITERIO OBXECTIVO                           |        | CESTOLA NA CACHOLA, S. COOP. GAL. (XOANA ALMAR) E ANA LANGEHELDT |
|--|--------|--|
| REALIZACIÓN DE CONFERENCIA SOBRE ARTE URBANA | Sí/non | Sí   |
|  | Puntos | 40,00 / 40,00  |





| CRITERIO DE NEGOCIACIÓN |                 | CESTOLA NA CACHOLA, S. COOP. GAL. (XOANA ALMAR) E ANA LANGEHELDT |
|-------------------------|-----------------|--|
| Oferta económica        | Importe sen IVE | 9.660,00 €   |
|                         | Puntos          | CRITERIO DE NEGOCIACIÓN A VALORAR SOBRE 20,00 PUNTOS             |

Neste mesmo mesmo acto, a Mesa acorda remitir a oferta de CESTOLA NA CACHOLA, S. COOP. GAL. (XOANA ALMAR) E ANA LANGEHELDT á Comisión Negociadora, nomeada no apartado Cuarto da Resolución da 1ª Tenente da Alcaldía nº 2023003913, de 28 de xullo, para negociar as condicións do contrato tomando como base a oferta presentada.

Así, a Mesa de contratación, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Que, de acordo co establecido na cláusula 5.7 do prego, se remita esta oferta á Comisión Negociadora nomeada no apartado Cuarto da Resolución da 1ª Tenente da Alcaldía nº 2023003913, de 28 de xullo, a cal negociará coa empresa admitida as condicións do contrato tomando como base a oferta que esta presente. Non se negociarán os requisitos mínimos da prestación obxecto do contrato nin tampouco os criterios de adjudicación.

### **LOTE 2: MURAL NA PRAIA DE BASTIAGUEIRO (PERILLO-LIÁNS)**

Así, a Mesa procede a Mesa á apertura do sobre nº 3 (“Oferta relativa a criterios obxectivos e criterios de negociación”) da empresa admitida a esta licitación, do que se extrae a seguinte información:

| CRITERIO OBXECTIVO                           |        | MIGUEL GOLMAYO |
|--|--------|----------------|
| REALIZACIÓN DE CONFERENCIA SOBRE ARTE URBANA | Sí/non | Sí             |
|  | Puntos | 40,00 / 40,00  |

  

| CRITERIO DE NEGOCIACIÓN |                 | MIGUEL GOLMAYO                                       |
|-------------------------|-----------------|--|
| Oferta económica        | Importe sen IVE | 14.600,00 €  |
|                         | Puntos          | CRITERIO DE NEGOCIACIÓN A VALORAR SOBRE 20,00 PUNTOS |

Neste mesmo acto, a Mesa acorda remitir a oferta de MIGUEL GOLMAYO á Comisión Negociadora, nomeada no apartado Cuarto da Resolución da 1ª Tenente da Alcaldía nº 2023003913, de 28 de xullo, para negociar as condicións do contrato tomando como base a oferta presentada.





Así, a Mesa de contratación, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Que, de acordo co establecido na cláusula 5.7 do prego, se remita esta oferta á Comisión Negociadora nomeada no apartado Cuarto da Resolución da 1ª Tenente da Alcaldía nº 2023003913, de 28 de xullo, a cal negociará coa empresa admitida as condicións do contrato tomando como base a oferta que esta presente. Non se negociarán os requisitos mínimos da prestación obxecto do contrato nin tampouco os criterios de adxudicación.

### **LOTE 3: MURAL NO EDIFICIO DA RADIO MUNICIPAL (OLEIROS)**

Así, a Mesa procede a Mesa á apertura do sobre nº 3 (“Oferta relativa a criterios obxectivos e criterios de negociación”) da empresa admitida a esta licitación, do que se extrae a seguinte información:

| CRITERIO OBXECTIVO                              |        | YOSEBA MURUZÁBAL |
|---|--------|------------------|
| REALIZACIÓN DE CONFERENCIA<br>SOBRE ARTE URBANA | Sí/non | Sí               |
|   | Puntos | 40,00 / 40,00    |

| CRITERIO DE NEGOCIACIÓN |                 | YOSEBA MURUZÁBAL   |
|-------------------------|-----------------|--|
| Oferta económica        | Importe sen IVE | 6.600,00 €   |
|                         | Puntos          | CRITERIO DE NEGOCIACIÓN A<br>VALORAR SOBRE 20,00<br>PUNTOS |

Neste mesmo acto, a Mesa acorda remitir a oferta de YOSEBA MURUZÁBAL á Comisión Negociadora, nomeada no apartado Cuarto da Resolución da 1ª Tenente da Alcaldía nº 2023003913, de 28 de xullo, para negociar as condicións do contrato tomando como base a oferta presentada.

Así, a Mesa de contratación, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Que, de acordo co establecido na cláusula 5.7 do prego, se remita esta oferta á Comisión Negociadora nomeada no apartado Cuarto da Resolución da 1ª Tenente da Alcaldía nº 2023003913, de 28 de xullo, a cal negociará coa empresa admitida as condicións do contrato tomando como base a oferta que esta presente. Non se negociarán os requisitos mínimos da prestación obxecto do contrato nin tampouco os criterios de adxudicación.

Non habendo máis asuntos a tratar, eu, como Secretario, certifico co visto e praxe da Presidenta.

**En Oleiros, asinado dixitalmente polo Secretario da Mesa de Contratación, don Iago A. López Álvarez, e a presidenta da Mesa de Contratación Dª Sandra Fernández Fernández, Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación**

